

15 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 791

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Maria Lado



Mar de fondo

María Lado

O mar como paisaxe emocional enguedella esta escolma de textos, mostra da escrita máis recente de María Lado, que publica Revista das Letras. Agromados, –agás o último–, da experiencia da maternidade e fortemente ancorados no cotián, revelan a concepción da poesía da súa autora. Vivos, próximos, frescos no seu estilo, espontáneos pero conscientes nas escolhas lingüísticas, permiten recoñecer á creadora de *Casa atlántica casa cabaret* (Xerais, 2002), *Berlín* (Poeta en Compostela, 2005), *Nove* (Edicións Fervenza, 2008) ou mesmo *A primeira visión* (letras da cal, 1997). O amor, como a soidade, a memoria, a dor da ausencia, os recordos da infancia, as pequenas cousas, a abisal relación cos obxectos e coa paisaxe, a identidade e o idioma, a morte, o mito e o conto, pegadas lenes pero intensas de preocupacións sociais, a atmosfera do mar rebelde da Costa da Morte... alicerzan a súa poética, que ela fai confluír coa música, a videocreación, a performance... en recitais sempre anovadores. Firme defensora da cultura libre, boa parte dos seus poemas poden lerse, e algúns escoitarse, en internet, no seu blog *Casatlántica*... Tamén se pode rastrexar a súa pegada en numerosas obras colectivas (*Negra sombra*, *Dez x Dez*, *Das sonoras cordas*, *Poetízate*, Festival de Poesía de Salvaterra do Miño 2004, *Por man propia*, e revistas (*Dorna*, *Nova Ólisbos*...)). Poemas poboados de imaxes. Da forza das ondas.

queres saber un secreto, meu ben? preguntábache eu
unha historia que se agocha nas cunchiñas do mar?
e ti
deitado na volta do meu embigo,
mollándome de bágoas o peito
e sen acougo,
apeniñas escoitas que esta area cálida,
asento por unha tarde dos teus pasos inseguros,
foi lambida dunha terra invisible pola boca do océano,
arrancada dun país ardente que desafiaba a fortaleza dos homes,
e a través de centos e silenciosos quilómetros,
traída ata nós e nesta praia
deitada.

e agora,
que se atopou contigo
cos teus pés inexpertos, coas túas mans miúdas, co teu rostro sucado polo sal
agora,
e pegadiña a ti,
é quen de contarche
-se deixas de chorar e a escoitas-
lendas marabillosas que as nais dese país distante
e esquecido,
inventan para calmar as bagullas dos seus fillos cando caen.

e sabes o que din?
sábelo, amor que nas areas miras
con ollos curiosos,
os beizos de mamá etiopía?
sábelo, valente pequeno
que só te consolabas
cunha pouca tetiña?

Falan de terras prósperas, case imposibles,
lugares nos que os nenos,
que todo o teñen,
nunca choran.

*para elas, e os seus nenos,
que son ti mais eu*

para o océano
ti eras só un neno de fanequeiras vermellas que a area enterraba,
un brazo fortemente prendido da miña saia morada

teño medo dos bichos, mami, dos bichiños do mar
e con forza de xigante collíaste da tea.

só así deixabas que o mar che lambese, sen avanzar, as pernas,
cravados ti e eu fronte á liña pola que a tarde escapaba.
mollándose o rodo da saia coas puntas do mar

ti
... acórdaste diso? eras só un neno

ao abrigo do monte de mallou
os dous eramos pequeniños, coma as caramuxas, no areal deitado
un dedo de brisa percorrendo as nosas costas
peiteando as herbas de namorar no lombo da praia

e esas outras prantas, mami, esas que son rabiños de coello
son, si. son.
e cando se moven así é porque os coellos están contentos
están

lémbrale? eu escribira fronte ao mar

estás aquí neste poema, ves?
e mamá tamén
e o mar
e os bichiños do mar?
tamén, e os rabiños de coello

todos aquí dentro deste poema, nesta botella, aquí metidos construindo un recordo deste día

bótala ao mar, meu amor?

pero calabas, agarrado á saia que a brisa preñaba.
e a onde iremos?
a onde o mar nos leve
e habemos de volver
non sabemos
e ti estarás comigo?
ata o último verso.

dende a ribeira vímola marchar. ti e mais eu, do outro lado do poema,

acórdache?

(poema perdido nunha botella e botado ao mar de muros no vran de 2009)

Primeiro de marzo.

O domingo comezara cedo de máis para o que adoitaban facer en día santo e fora cousa do pequeno B que estivesen a esa hora da mañá xa na rúa, xornal en man e pan acabado de mercar, comezando a almorzar nun bar moi curriño con vistas ao porto. El, bebendo aos poucos o seu café cargado botáballe un ollo ás reportaxes do suplemento, mentres ela lía o xornal co anaco de bolo na man aínda a medio mollar. O pequeno B cabo deles na súa cadeiriña, ollando os parruliños que colgaban fronte ao seu nariz. Así transcorría o almorzo, nunha placidez dominical só comparable coa que se pode conseguir na casa dun.

Queres outro bolo? Preguntoulle el cun sorriso larpeiro que quería dicir que el si que tiña intención de pedir outro. *Mmm, non*, díxolle ela, *teño dabondo con este*. E mentres el se erguía para ir ata a barra ela seguiu enfrascada na lectura do xornal, do que non erguera a vista dende había un bo anaco. *Moitas grazas*, escoitou que lle dicía o seu home ao mozo do bar, e acto seguido volvía á mesa cun pratinho pequeno no que traía un pastel de chocolate.

El volviu coller o suplemento e, comendo no bolo, intentou fixar a súa atención nalgunha reportaxe interesante pero non o conseguiu. Mirou o pequeno B, que estaba completamente concentrado nos parruliños, e despois mirouna a ela, completamente concentrada no xornal. Rematou o doce e o café. Non había ningún outro cliente no bar. De feito, apeniñas había xente pola rúa, talvez porque era demasiado cedo e só os poucos madrugadores votantes daquel primeiro de marzo e os pais desvelados coma eles saíran da cama daquela hora. Detrás da barra, o mozo trasfegaba con copas ás que sacaba concienciadamente brillo. E el seguía coa imaxinación perdida máis alá do suplemento. Mirou de novo a rúa a través da fiestra do bar. Observou o porto adormecido, ata que unha furgoneta azul se detivo diante do vidro ocultándolle parcialmente a vista. Baixou o condutor, un home novo pero demasiado gordo, vestido de traxe gris e pouca percha, que cuspiu no chan e despois abriu as portas traseiras para que saísen o resto dos pasaxeiros. Pero el non podía velos dende o bar. Só alcanzou a escoitar a voz estridente do home do traxe *Ven?, cando os traio eu sempre votan os primeiros, sempre votan os primeiros! E así é como se aproveita... así é como se aproveita o día!*

Daquela, el volviu a vista ao pequeno B, que desta vez facía globiños co cuspe na boca e cravaba os seus ollos nos ollos del. *Sabes?*, díxolle a ela por fin, *ás veces miro para o noso neno e intento imaxinar como será cando sexa grande. Porque non toda a vida se vai dedicar ás pompiñas de baba. No momento que menos o pensemos farase un homiño e atoparase aquí, neste mundo raro, cheo de novas horripilantes e seres indesexables. Si, díxolle ela, un día ímonos erguer da cama e atopalo afeitándose. E volveu á lectura dunha columna de opinión na que un crítico nada compracente analizaba as consecuencias da vitoria de tal ou cal partido. E nós seremos uns vellos*, engadiu el ollando para a furgoneta azul.

Un grupo de seis xubilados entrou no bar. Sentaron en dúas mesas contiguas ás deles. Unha das mulleres do grupo fíxolle un contiño ao pequeno B, que lle correspondeu cun parrafeo de as e es e un mostrario de sorrisos. *Parece mentira*, dixo a muller, *quei fala, tan pequeno e quei fala! Ti... has de ser político eh! Has de botar discursos?*

Dios nos aparte, respondiulle el á muller cun sorriso. *El, que estude.*

O home do traxe gris entrou detrás. Pidiu cafés e bolos para todos os xubilados. Pagou a volta e sentou na barra a tomar un sol y sombra.

Tarde e praia para o recordo.

Venres tarde. Á caída do sol. Inverno.

O pequeno B esperta dun breve sono. Mira ao seu redor. Está a praia, enorme extensión de area e borraqueira baixa que cobre a terra. Está o sol, que marcha.

Está papá, que o leva envolveito nunha mantiña, apertándoo contra o seu peito. E mamá, que vai co pescozo do abrigo ergueito e abraza a papá. Os dous falan, sorrín. Camiñan e a brisa vén, trae o sal do mar. Quédaselle nos beizos. B lámbeos... Así sabe Carnota.

(B fala)

Eles descubren que espertou: *espertaches be! Estabas aí...Ola amoríño...*

Están tamén as gaivotas que cortan o ceo, páranse no alto das pedras, andan polas pozas da ribeira. E aquí esas plantas que son coma rabiños de coello, que bailan ao vento.

Que dis B, gústache a praia?

Está mamá que senta na area e papá ao seu lado. Entre as plantiñas. Os rabiños de coello veñen e van, fan coxegas na volta das mans.

Está o mar, alá ao lonxe, rompendo en espuma. E unha muller e un home, apenas dous puntinhos que camiñan moi amodo. Semella que veñen.

Está mamá. *A que che sabe a area, B, sabe salgado?*

E papá, gústache...? é case marisco B...

E a parella que camiña endereita o seu rumbo. Veñen cara a eles.

Está tamén a area, toda chea de cousas minúsculas, anaquiños de universo brillantes...

E iso, explícalle papá, *é unha cunchiña de berberecho...*

Unha cunchiña de berberecho, repite mamá...

E o home e a muller que veñen están agora moi preto, se te fixas pode verse xa o seu rostro sorrinte.

Fronte a eles está a tarde que se escapa, esforzándose por chegar a recordo. E eses dous descoñecidos que viñan e que xa chegaron onda eles. Non dubidan en meterse na súa tarde. Sen reparo ningún, a muller descoñecida ceiba a lingua nada máis chegar.

Perdonad que os molestemos, pero os vimos de lejos con el niño y pensamos que aunque a él se le ve mui tranquilo, igual, es mui pequeño para que lo tengais aquí a esta hora, con el frio que ya hace y esta humedad de Galicia que te cala hasta los huesos..

E despois de falar quedan alí, parados, agardando unha reacción ou algo da inexperta familia.

Señora, dille finalmente mamá, *era bo que se apartasen, que o noso fillo está descubriendo o mundo e quer ver a posta de sol.*

Conto e canción para comer as verduras

Mira be, vouche contar unha historia.

Érache unha vez, alá polo tempo de maricastaña, un rei que vivía nun país pequeniño pero mui chusquiño, onde os días pasarían moi tranquilos de non ser porque ao chegar o mediodía, alá polas dúas, un ogro, que vivía no alto dunha torre no medio e medio do país aquel, espertaba de moi mal humor. Espertaba e poñíase a berrar, e a bater con todo canto atopaba: botaba as sillas ao chan, tiraba os pratos polas fiestras e remataba derramando o viño e mailo leite facendo inundacións grandísimas que asolagaban as terras dos veciños daquel reino tan curriño. E iso tíñano que aguantar día si, e día tamén, os veciños daquel lugar. E nin sequera o rei se librada disto, que algunha vez se lle teñen estragado as roupaxes á súa maxestade coas papas que o ogro cuspiía cando se erguía tan enfadado.

(Mentres el contaba isto, o pequeno be atendía dende a súa trona, situada no medio e medio da cociña)

Pois o caso é que chegou o día no que o rei quixo celebrar unha festa en honra da raíña, que estaba de aniversario, e montou no pazo real un festón... un despregue...chamou unha orquestra das boas –a panorama ou unha mellor–, contratou un mestre facedor de filloas, mercou unha ducia de porcos para asar ao espeto e convidou a todo o mundo, a to-do-o- mun-do, incluídos os veciños todos daquel país tan pequeno, porque dixo, bah, pa catro que somos, que veñan tamén xantar, que carallo, que ao fin e ao cabo isto sae das súas rendas.

(Neste punto o pequeno be abriu a boca nun sorriso, deixando ver os dous dentes de baixo e a sombra dos dous de riba que ameazaban con saírlle pronto. El colleu aire e continuou.)

E verás. Faltaban dous días e o rei xa tiña todo planificado para a festa, xa mandara os convites por correo, e chamara os cegos para que cantasen a noticia nas feiras, e aínda que todo estaba moi ben pensado a raíña, que era un pouco aburridiña, non deixaba de romperlle a cabeza:

mira, disálle, vaite falar con ese ogro, ou mándalle un cabaleiro, ou faime o que vexas pero sácamo de aí o día da festa, eh! Que non veña estragarme a celebración do meu aniversario, non quero trastos polo aire, nin papas podres caendo do ceo nin nada raro o día da enchimea! Que vamos ser a vergonza dos reinos todos!!! Faime iso dereitiño ou pídoche o divorcio en menos que canta un galo

(O neno, mirando en fite a seu pai. Semellaba agardar a continuación da historia, que era esta

Así que ante as ameazas da muller, ao rei non lle quedou máis remedio que chamar ao seu cabaleiro máis valente e rogarlle por todos os medios se presentase onda o ogro e negociase con el unha tregua para esa tarde da festa.

Pero o cabaleiro botouse atrás, malia que lle ofreceron un terreo moi bo que ían recualificar en breve, díxolle que todo mui ben pero que onda o ogro non ía que lle tiña muito medo. A verdade é que o rei tamén lle tiña medo, caghaba por el. E non atoparon entre todos os habitantes do reino un só que quixese irse enfrontar ao ogro. Contáronllo á raíña, que se puxo tola de ira. E como val máis facelo que mandalo, ao final, a raíña en persoa decidiu ir.

Agora el, que detivera a historia uns minutos, achegábase ao neno armado de paciencia, culler de silicona e trapo grande por diante.

Pois verás, be. A raíña subiu pola torre, aproveitando que o ogro botaba unha sonequiña, e presentouse alí na hora xusta, ás dúas en punto; a hora do xantar.

E que cres que atopou, be? Preguntaba seu pai mentres metía a culler nun cacharriño cheo de papa de acelgas.

Pois atopouse co ogro sentado na súa trona e a seu pai que lle quería dar a verdura. E o ogro coa boca pechada, batendo cos puños na mesa e tirando polo aire a culler chea de papa, e seu pai veña a querer darlle as acelgas e as acelgas veña a voar polo aire, xunto con wini the poo, e os xoguetes todos.

e sabes que pasou? Preguntoulle el mentres o pequeno be se negaba ante a culler, enzoufándose de papa verde. Pois pasou que a raíña tivo que darlle unhas azoutas ao ogro e obrigalo a comer e de paso doullas a seu pai tamén. Así que abre a boca e coome, antes de que túa nai se presente aquí montada en cólera e se acaben os contos!

(Do extenso catálogo de artimañas que el ela inventaron para comer)

A muller do cadro honraba todas as tardes o seu café das cinco, puntualmente ás cinco, porque a verdade, a ela nunca lle gustara o té pero sempre fora muller de costumes e ríxida en horarios. Nin sequera sendo moza, estando enferma ou viaxando do brazo do seu xa finado compañeiro, que fora home de marina, recordaba ter pasado un só día sen tan pequeno pracer. E con todas as cousas que a muller vivira –tempos malos, outros mellores e algún digno de esquecer no fondo da memoria– con todo, en ningún deses momentos faltara un só día á cita estimulante e amarga do pocillo. Ela sempre soubera apañarse para xuntar uns poucos gramos que fervía repetidas veces con tino de alquimista e ollo farmacéutico. E cada tarde, ás cinco, exacta e puntualmente ás cinco, a muller do cadro iniciaba a súa particular cerimonia. Sempre en silencio inmenso que detía as estancias.

Porque ese era un dos principais requisitos para a perfecta comunión coa tal substancia. Esa mínima intimidade outorgada pola fumegante cunca servíalle para escoitar os seus propios pensamentos resoando entre orella e orella.

E tal constancia reflexiva, pensaba a muller do cadro, era a razón última da súa saúde de ferro e do seu ánimo pétreo. E tamén da súa, por que non dicilo, lonxeva e dourada idade.

No entanto, unha tarde, a súa hora xusta e puntual, cando a muller do cadro se dispoñía a verter un copião de leite sobre o seu escuro néctar, un home de aspecto desaliñado parou á súa fronte nun café, nese café do que ela era cliente da máis queridas. E con soberana desvergoña, propia seguramente da xuventude, como ben matinou a muller do cadro, aquel insolente comezou a riscar no seu caderno liñas e borróns que a cada paso a buscaban coa vista para levala á páxina . E nin unha palabra lle dixo, nin ningún outro ruído se escoitaba en toda a sala salvo aquel pequeno riscar de grafito que se entremetera entre a muller do cadro e a súa cunquiña sanadora. E por primeira vez a muller, seria e firme como era, foi incapaz de gozar do seu café.

Por primeira vez pensou que a súa existencia silenciosa e apracible estaba sendo perturbada.

E máis aínda. Por primeira vez a muller sentiu unha curiosidade inmensa. Algo que a desconcentraba completamente. E por moito que intentaba volver á súa cunca, por moito que porfiaba por deixarse levar polo aroma cálido que manaba dela, en fin, por moito que trataba de seguir ao seu ... non foi quen.

Así é que se ergueu, algo irritada, para que ocultalo, coa intención de preguntar a aquel mozo que era o que o facía crer que ela desexaba ser retratada. E especialmente quería preguntarlle, sen ánimo de agardar resposta, quen se cría el que era para deter, co seu inoportuno acto, tan enorme gozo. Un dos poucos, por certo, que a esta altura a vida lle regalaba.

E xa estaba disposta a espetar o seu amargo xenio en plenos fuciños imberbes cando puido ver, aínda sen terse achegado de todo ao mozo ensimesmado, que a imaxe retratada a lápis era a dunha muller de xesto rexo e solitario, que en nada se semellaba á idea de pracer que nalgún tempo o seu padal recoñecera.

E foi desta maneira que a muller do cadro calou todo canto tiña na punta da lingua e volveu ao seu asento decepcionada.

E alí, rompeu a chorar amargamente. Lamentaba todos e cada un dos minutos estragados tras o pálido veo de fume de colombia que ascendía ata enturbarlle a mirada.